

## PRIMEIRAS XORNADAS VERDES DO CARBALLIÑO

Durante os días 3, 4 e 5 de Novembro celebraron-se na Casa da Cultura do Carballiño as Primeiras Xornadas Verdes, organizadas polo Consello da Mocidade (COMOR) e coa Colaboración de ADEGA, OUTEIRO, GREENPEACE, CINE CLUBE CARBALLIÑO e patrocinadas polo Concello do Carballiño. Nas mesmas ademais das conferencias de Mário Rodríguez (responsável de bosques de Greenpeace) e de Jesus Pereiras (vicepresidente de ADEGA), realizáron-se diferentes actividades como realización de papel reciclado, proxección de diapositivas, e películas de temática ecolóxica, roteiro sendeirista, doazón de árbores, etc... con participación de numerosos xóvenes. Estas xornadas son un exemplo a seguir por outros concellos galegos que queiran potenciar a sensibilidade ambiental entre os seus habitantes, e sen dúbida son un contributo mais ao dilatado labor de educación e denuncia que grupos locais como ADEGA-Carballiño ou OUTEIRO teñen realizado.

## VAI-SE CELEBRAR EN SANTIAGO O CONGRESO INTERNACIONAL DE ESTRATEXIAS E PRÁCTICAS EN EDUCACIÓN AMBIENTAL

Entre os días 27 a 30 de Xuño no Palacio de Congresos, dentro dos actos do 5º Centenario da Universidade de Santiago. A organización do congreso correu a cargo do Departamento de Teoría e Historia da Educación e do Taller de Educación Ambiental do ICE, xunto co European Research and Training Centre on Environmental Education da Universidade de Bradford (UK). Os temas a tratar serán: Problemas ambientais e respostas educativas, Movimentos sociais e Educación Ambiental (E.A.), E.A. curriculum e reformas educativas, Formación de Educadores para a E.A., Deseño e avaliación de programas en E.A., Medios de comunicación social e E.A., Investigación en E.A., Interdisciplinabilidade e E.A., soporte institucional e financiación en E.A., Recursos educativos en E.A..

Información no Teléfono: (981) 563100 ext.2642.

## ACEVROS NO NADAL

ADEGA realizará este nadal unha campaña de distribución de acevros. Os acevros, acivros, acivos, cebros, azevinhos, azevinheiro, xardóns son diversos nomes galegos para esta árbore de altísimo valor ecolóxico. As plantas distribuídas, ramificadas e dun mínimo de 40 cm de altura, proceden dun viveiro e irán acompañadas dun folleto e dun cartaz explicativos. O obxectivo e concienciar sobre a necesidade de protexer a natureza tomando como motivo a tala de árbores que ten lugar no nadal con motivos ornamentais, e planteamos invertir este feito, de xeito que unha vez rematado o nadal estes acivos poidan ser plantados no monte, xardín ou agras. Escollemos o acevro pola súa estética, alta aceptación para o nadal e forte valor ecolóxico nos nosos montes, así como fácil coidado.

Para desenvolver esta campaña ADEGA vai instalar puntos de venda en diferentes cidades e vilas galegas, así como tamén vai entrar en contacto con algúns concellos por se queren realizar eles a distribución das árbores e folletos ou se poden contribuir subvencionando a súa compra.



## CURSO A DISTANCIA DE AGRICULTURA BIOLÓXICA ORGANIZADO POLA ASOCIACIÓN VIDA SANA

Início en Xaneiro, con duración de 4 meses e con aulas teóricas en tres entregas a domicilio e con aulas prácticas de 7 días de estancia en quintas e indústrias biolóxicas de Barcelona. Información no teléfono (93) 5800818.

